



INSTRUCCIÓN XUBILACIÓN PARCIAL DO PERSOAL LABORAL ANTE UNHA SOLICITUDE DE XUBILACIÓN ANTICIPADA.

Ante o suposto que un/unha traballador/a en situación de xubilación parcial presente unha solicitude de xubilación anticipada (antes de cumprir os 65 anos de idade) e coa finalidade de establecer unha axeitada coordinación procede ditar as seguintes instrucións:

Primeira.- O acceso a esta xubilación anticipada é un dereito absoluto da persoa traballadora que non pode ser obstaculizado pola Xunta de Galicia, non obstante, para a súa adecuada tramitación e o conseguinte mantemento da prestación do servizo, a solicitude deberá presentarse cunha antelación mínima dun mes á data na que se solicita a súa efectividade.

Segunda.- Situación na que queda o contrato de remuda.

a) Cando o xubilado parcial e remudista desenvolven o mesmo posto de traballo:

O/A traballador/a remudista, agás no suposto de dimisión, debe continuar prestando servizos na mesma modalidade contractual (contrato de remuda) ata que ese xubilado/a parcial (agora en xubilación anticipada) acadase os 65 anos.

Se pode acordar co remudista unha modificación da xornada, de xeito que o remudista realice o 100% da xornada de traballo, sempre que sexa necesario para adecuada prestación do servizo, coas seguintes precisións:

- A modalidade contractual empregada seguirá sendo o contrato de remuda.
- A data do inicio da nova xornada de traballo será o mesmo día que a xubilación anticipada daquel.
- A dita novación contractual, de ser o caso, tería que acordarse entre o traballador remudista e a correspondente Consellería, antes da efectividade da xubilación anticipada do xubilado parcial.



b)Cando o xubilado parcial e remudista non desenvolven o mesmo posto de traballo:

O/A traballador/a remudista, agás no suposto de dimisión, debe continuar prestando servizos, ata que ese xubilado/a parcial (agora en xubilación anticipada) cumprise os 65 anos, sendo inalterable o contrato de remuda e a súa prestación de servizos.

Terceira.- Finalización do contrato de remuda.

O contrato de remuda e a correspondente relación laboral entre a Administración e o remudista, rematará, en todo caso, o mesmo día no que o xubilado parcial acadase os 65 anos de idade (data que xa constaba no contrato de remuda).

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2016



O director xeral da Función Pública

José María Barreiro Díaz